

## CURSOS FORMACLOWN

### **A. CURSO DE BUFÓN** **Impartido por Philippe Gaulier (Francia)**

Datas: 27 ao 29 de xullo

Duración: 16 horas

Horario: 27 de xullo de 10.00 a 14.00 h. e de 17.00 a 19.00 h. / 28 e 29 de xullo de 15.30 a 20.30 h.

Idioma: inglés

Nº alumnos/as: máximo 30

Oíntes: máximo 20

Prezo: 150 €

Philippe Gaulier é para todos e todas no mundo do clown unha persoa de referencia na súa carreira como formador. Boa parte dos e das artistas que na actualidade brillan con luz propia perfeccionaron os seus estudos na escola que Philippe ten en Francia.

Para o mestre, a ledicia absoluta reside na alma do bufón. Cando un bufón aparece no alto dun escenario, utiliza a súa arma máis forte. A parodia, é o mellor método de alguén que sufriu tanto, para enfrontarse ós seus atormentadores. A comedia non é o contrario da traxedia! A comedia é un xénero da traxedia!

Director da súa propia escola de teatro desde fai 28 anos, foi profesor de clown e bufón en máis de 20 países e afirma que "o teatro é tan serio coma un xogo de nenos".

### **B. NA PROCURA DA NOSA IDENTIDADE CÓMICA** **Impartido por Leo Bassi (EEUU-Italia)**

Datas: 28 ao 30 de xullo

Duración: 12 horas

Horario: de 10.00 a 14.00 h.

Idioma: español

Nº alumnos/as: máximo 20

Oíntes: máximo 10

Prezo: 130 euros

Leo Bassi desenvolve neste curso un sistema que mestura a teoría con orixinais xogos psicolóxicos, que animan aos participantes a descubrir máis deles mesmos. Un dos aspectos máis importantes destas sesións é que todos os participantes son continuamente estimulados a tomar alternativamente un papel activo e, á vez, observador e crítico. Isto alenta discusións francas en cada paso que se vai dando, obrigándolles a darse conta de como as súas accións son percibidas por outros e do que significan para eles mesmos. Segundo vai progresando o curso, a énfase cambia de ser unha ampla exploración da mente a ser un estudo máis centrado na comedia e nos problemas puramente teatrais de como ser efectivo diante dun público.

As persoas participantes neste curso poderán agardar, despois da conclusión deste, resultados tanxíbeis, que variarán desde unha inspirada mirada ás raíces psicolóxicas do humor e do seu funcionamento ata a construción precisa de diversos aspectos cómicos, preparados para usar en teatro ou en televisión.

## C. ANTROPOLOXÍA DO MOVEMENTO CÓMICO

Impartido por Claudia Contin e Ferruccio Merisi (Italia)

Datas: 27 ao 31 de xullo

Duración: 30 horas

Horario: 27 de xullo de 16.00 a 20.00h. / 28, 29 e 30 de xullo de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00h. / 31 de xullo de 09.00 a 14.00h

Idioma: español e italiano

Nº alumnos/as: máximo 22

Oíntes: non admite

Prezo: 160 €

Claudia Contin é experta en mimo e dialéctica corpórea. Coñecida no mundo como a única "Arlecchino" muller, publicou varios libros sobre técnica teatral, entre os que destacan *Viaggio dei un attore nella Commedia dell'Arte* e *Gli Abitanti dei Arlecchinia*. É fundadora, con Ferruccio Merisi, da Scuola Sperimentale dell'Attore (Italia).

Ferruccio Merisi é director teatral especialista en coreografía contemporánea. Dirixiu o Festival Internazionale dei Santarcangelo e dirixe o Festival Internazionale L'Arlecchino Errante.

Este curso pretende ser unha especialización formativa ao movemento teatral seguindo as seguintes categorías:

- Con Claudia Contin: plástica corpórea, invención da personaxe, a condición creativa do corpo cómico, gags individuais e de grupo.
- Con Ferruccio Merisi: o corpo que fala, os principios da linguaxe xestual, ritmo relación reactividade e improvisación, pequenas esceas.

**Nota:** É máis que recomendable para participar neste curso unha aceptable preparación física, así como vestir roupa deportiva e moi cómoda.

## D. CLOWN WORKSHOP

Impartido por Jango Edwards (EEUU)

Datas: 28 ao 31 de xullo

Duración: 16 horas.

Horario: de 16.00 a 20.00 h.

Idioma: inglés, con traductora a español

Nº alumnos/as: máximo 25

Oíntes: non admite

Prezo: 120 €

Jango Edwards é recoñecido internacionalmente como un dos mellores clowns do mundo preséntanos a súa particular visión do clown.

Para él a arte do clown non é só unha profesión, senón un estilo de vida que require a comprensión da emoción, da sensibilidade, da paixón e do traballo desde o corazón. Así, xunto ca súa asistente Cristina García e a través de diversos xogos, actividades físicas, demostracións, improvisacións e performances, cada quen deberá descubrir a súa particularidade cómica, con doses de inocencia e lóxica, ingredientes fundamentais da fórmula clown. Nun ambiente teatral a confianza no grupo motiva ás persoas participantes a lembrar a inocencia que xa esqueceran.

## **E. O CAMIÑO DO CLOWN**

**Impartido por Alain Vigneau (Francia)**

Datas: 31 xullo e 1 e 2 de agosto

Duración: 20 horas

Horario: 31 de xullo de 16.00 a 20.00 h / 1 e 2 de agosto de 10.00 a 14.00 h. e de 16.00 a 20.00 h.

Idioma: español

Nº alumnos/as: máximo 20

Oíntes: non admite

Prezo: 130 €

Alain Vigneau é actor e clown profesional desde 1989. Habitual colaborador de Tortell Poltrona na dirección dos espectáculos do Circ Cric, é profesor de clown en L' "Escola d'Expressió" de Barcelona, así como na formación en Arte Terapia de l'AEC. Formado en clown gestalt con Rosine Rochette (París) e en psicoterapia integrativa con Claudio Naranjo. Artista colaborador da ONG Pallasos sen Fronteiras e fundador e director da Compañía A Stravagante.

O camiño do clown pretende ofrecer as persoas asistentes (con ou sen experiencia previa) unha oportunidade para entrar paseniñamente no "extra-ordinario" mundo dos pallasos, experimentando, nun clímax de confianza e liberdade, un desenvolvemento do seu clown persoal.

O curso é un espazo formativo pensado para rirse e aprender conxuntamente dos éxitos e os fracasos propios, para mirarse sen culpas nin prexuízos, protexidos por un pequeno nariz vermello, seguindo as leis básicas do xogo clown: presenza, mirada, contacto, escoita, entrega, encaixar, ritmo, sorpresa, etc... A metodoloxía empregada nótrese de xogos de dinamización e contacto, comunicación e espontaneidade, que preparan ao alumnado para numerosas improvisacións, nun percorrido cheo de gargalladas e de emocións, que constitúe un enfoque revelador sobre a realidade da persoa.

## **F. CURSO DE INICIACIÓN AO CLOWN**

**Impartido por Antón Valén (Murcia)**

Datas: 31 xullo e 1 e 2 de agosto

Duración: 20 horas

Horario: 31 de xullo de 16.00 a 20.00 h / 1 e 2 de agosto de 10.00 a 14.00 h. e de 16.00 a 20.00 h.

Idioma: español

Nº alumnos/as: máximo 20

Oíntes: non admite

Prezo: 100 €

Antón Valén licenciase pola Escuela Superior de Arte Dramático y Danza (ESAD) de Murcia no 1988. Posteriormente viaxa por Europa para especializarse en diferentes facetas teatrais con Jacques Lecoq, Antonio Fava, Philippe Gaulier, Colombaioni, Bataclown, Pierre Bylan, Norman Taylor...

Ingresa en 1993 como profesor da ESAD de Murcia ata 2002. Foi director do "Curso Internacional del Comediante" durante sete anos. Durante ese tempo dirixe a varias compañías teatrais en Comedia dell'Arte e Clown. No 2002 foi seleccionado por Slava Polunin para traballar coma clown no espectáculo "Alegría" do Cirque du Soléil cos que realiza unha xira mundial ata 2007. Asimesmo, crea e dirixe os novos números clownescos de "Alegría".

Actualmente imparte cursos de técnica actoral, clown e bufón en diferentes cidades de España, México, Portugal e Marrocos. Traballa na creación dunha escola estable: "Escuela del Comediante".

Este curso de iniciación é para aquelas persoas que queiran coñecer e involucrarse no mundo do clown e atreverse a daren os seus primeiros pasos.

Mais, antes, comenzaremos a aprendizaxe desde a ruptura co ridículo, a torpeza,... e aprenderemos a aceptalo. Cada ser humano tén unha faceta ridícula, case agochada pola fachenda e a presunción. Para vencermos esta barreira e convertila nun xogo, poñamos o nariz vermello que nos levará a un mundo moi particular e vexamos o difícil que é sermos sinxelos, inxenuos, vulnerables, desastrosos...É como o fracaso nos revela a nosa humanidade e o desexo de crear e recrear.

O clown é un xogo teatral que nos leva a atoparmos a espontaneidade, a liberdade de xogar e de sermos nós mesmos.

**G. CURSO DE CLOWN PARA MULLERES**  
**Impartido por Lluna Albert (Valencia)**

Datas: 27 ao 31 de xullo  
Duración: 20 h.  
Horario: de 10.00 a 14.00 h.  
Idioma: español  
Nº alumnas: máximo 15.  
Oíntes: non admite  
Prezo: 110 euros

Licenciada en Belas Artes pola Universidade Politécnica de Valencia na especialidade de Escultura. Formada en teatro cómico e pallasos con Leбатаclown, Virginia Imaz, Jesús Jara, Pepe Viyuela, Eric de Bont, e Kozana Lucca, entre outros. Membro fundador da Compañía NAS TEATRE (1996-2005). Na actualidade é docente, dirixe e coordina a *Escuela de Payasos los hijos de Augusto* e pertence á Compañía ELS FLAQUIBUTTI (2002-2008), da que é socia e directora artística xunto con Jesús Jara.

No taller abordaremos o tema da muller desde o punto de vista das nosas pallasas. Revisando o noso interior sempre a favor da nosa imaxe externa sexa cal fora a súa forma. A tenrura da pallasa como plataforma de acción para calquera reivindicación. O presente e o seu fracaso. A fragilidade e a fortaleza nunha mesma pallasa. Xoguemos a crecer coas nosas pallasas e fagámolo con pracer.

Recoméndase vir provistas de roupa divertida, complementos e instrumentos musicais.

**H. CURSO DE MAXIA CÓMICA & CLOWN**  
**Impartido por Pablo Muñoz (Toledo)**

Datas: 28 ao 31 de xullo  
Duración: 16 h.  
Horario: de 16.00 a 20.00 h.  
Idioma: español.  
Nº alumnos/as: máximo 20  
Oíntes: non admite  
Prezo: 100 euros.

Pablo Muñoz, cofundador da compañía de clown Good Idea Company, estudou na Escola Superior de Arte Dramática de Madrid e foi bolseiro polo I.N.A.E.M para especializarse en clown teatral e técnicas de humor en diversas escolas europeas, entre as que destaca a prestixiosa École International Philippe Gaulier. Igualmente realizou diversos cursos de Maxia en Madrid con Pablo Germany e en Londres no Circus Space con Rick Zoltowsky.

No curso de Maxia Cómica & Clown abordará a aprendizaxe de xogos e rutinas máxicas: presentación e realización de xogos de maxia buscando a comicidade dos mesmos, procura do noso clown-meigo a través de xogos e *gags* máxicos con cordas, panos e outros elementos, xogos de complicidade cos compañeiros e co público... O obxectivo último do curso é poder utilizar a maxia como unha ferramenta máis nos espectáculos de humor.

## Procedemento de inscrición

### INSCRICIÓN E PAGAMENTO

Para facer a preinscrición e inscrición definitiva nos cursos do Festiclown 2009 seguir con atención os pasos indicados neste apartado.

### PREINSCRICIÓN

A preinscrición para os cursos do Festiclown 2009 realizarase exclusivamente a través da páxina web **www.festiclown.org**, nos formularios de inscrición correspondentes, ou no número de teléfono **981 582 836**, previo ingreso bancario e tras enviar por fax ou mail o xustificante de ingreso.

O prazo de preinscrición remata o 30 de xuño de 2009. As persoas que desexen facer unha preinscrición despois desta data deberán pórse en contacto coa organización do festival no número de teléfono 981 582 836 ou a través do enderezo electrónico [info@festiclown.org](mailto:info@festiclown.org).

As persoas participantes en 2 ou máis cursos do Festiclown 2009 terán un desconto do 10% sobre o importe total, **QUE SE APLICARÁ EN TODOS OS CASOS SOBRE O SEGUNDO INGRESO**. Non aplicable ás persoas que participen de ointes nalgún dos cursos..

### PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

1. Unha vez seleccionados os cursos que se desexan facer, ingresar como mínimo o 50% do importe total dos cursos solicitados no número de conta de *la Caixa* 2100/4333/11/0200025292 **ata o 30 de xuño de 2009**, indicando o/s nome/s do/s curso/s e o nome e apelidos da persoa solicitante do/s mesmo/s.

OBSERVACIÓN PARA TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS

IBAN: ES78 2100 4333 1102 0002 5292

BIC/SWIFT: CAIXESBBXXX

2. Enviar o comprobante do ingreso por fax ao número 981 575 699 ou ben por mail [info@festiclown.org](mailto:info@festiclown.org), asegurándose de que figura o/s nome/s do/s curso/s e o nome e apelidos da persoa solicitante.

3. Unha vez realizado o ingreso e enviado o xustificante, cubrir e enviar o formulario de inscrición dispoñible na páxina web [www.festiclown.org](http://www.festiclown.org), completando todos os campos e especificando os cursos que se desexan realizar (máximo 3), ou ben no número de teléfono 981 582 836, **ata o 30 de xuño de 2009**. As persoas solicitantes faranse cargo da compatibilidade horaria dos cursos solicitados.

4. O 3 de xullo de 2009 publicarase en **www.festiclown.org** as listas de persoas preinscrición en cada curso.

No caso de que se exceda o número máximo de alumnos/as nalgún dos cursos, os/as alumnas/os sen praza entrarán directamente en lista de agarda. Se finalmente non puidese entrar no curso solicitado, a organización do festival porase en contacto coa/s persoa/s sen praza para a devolución do importe ingresado.

5. As persoas preinscritis en cada curso deberán ingresar o importe restante do/s curso/s no/s que está preseleccionado/a no número de conta de la Caixa 2100/4333/11/0200025292 **ata o 21 de xullo de 2009**, e igualmente deberán enviar por fax (981 575 699) ou mail (info@festiclown.org) o comprobante do ingreso, asegurándose de novo que figura o/s nome/s do/s curso/s e o nome e apelidos da persoa solicitante.

As persoas preinscritis en 2 ou máis cursos do Festiclown 2009 (excluídos os oíntes) deberán ter en conta o desconto do 10% sobre o importe total dos cursos solicitados á hora de realizar este segundo ingreso.

OBSERVACIÓN PARA TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS  
IBAN: ES78 2100 4333 1102 0002 5292  
BIC/SWIFT: CAIXESBBXXX

As persoas preinscritis en cada curso, unha vez realizado o segundo ingreso, terán a súa praza asegurada automaticamente, confirmándose así definitivamente a súa inscrición.

6. O 22 de xullo faranse públicas, a través de **www.festiclown.org** as listas definitivas de persoas admitidas en cada curso, así como, de habelas, as persoas en lista de agarda.

A organización do Festiclown 2009 poderá aprazar ou suspender aqueles cursos nos que non se cubran as prazas mínimas necesarias.

## DEVOLUCIÓN DO DIÑEIRO INGRESADO

Aquelas persoas que, unha vez feito o primeiro ingreso, queiran darse de baixa, deberán comunicalo á organización no número de teléfono 981 582 836, antes do 7 de xullo de 2009, para que lles sexa devolto integramente o importe ingresado.

No caso de non poder asistir ao/s curso/s despois de teren realizado o segundo ingreso, só se devolverá o importe no caso de que a praza sexa cuberta por outra persoa ou se acrediten causas de forza maior.

## OÍNTES

Para participar como oínte nos cursos que o admiten, seguir o mesmo procedemento de preinscrición indicando no ingreso a opción de oínte.

Os/as oíntes terán que abonar o 50% do custe total do curso, non podendo participar activamente no mesmo, nin interromper ou molestar ás persoas participantes. En todo caso, as prazas de oínte só se farán efectivas cando se cubran todas as prazas activas do/s curso/s correspondente.

O desconto do 10% por participar en 2 ou máis cursos non se fará efectivo no caso de participar como oínte nalgún deles.

## **ALOXAMENTO DE BALDE**

A organización do Festiclown 2009 pon a disposición dos/as participantes nalgún destes cursos un pavillón polideportivo, con servizos de ducha e wc, para durmir durante as xornadas do/s curso/s solicitados. Na páxina web do festival [www.festiclown.org](http://www.festiclown.org) indícarase a partir do 15 de xuño como solicitar unha praza.

## **INFORMACIÓN DE INTERESE**

- \* Recoméndase a todas as persoas participantes nestes cursos vestir roupa e calzado cómodo.
  - \* Por respecto a/o mestre/a e ao resto do alumnado, é imprescindible a puntualidade a todas e cada unha das sesións dos cursos. Neste sentido, a organización resérvase o dereito de non permitir o acceso do alumnado ao curso unha vez iniciado éste, sempre e cando así o indique o mestre/a do mesmo.
  - \* Os medios de comunicación poderán ter acceso controlado aos cursos.
  - \* Recoméndase aos alumnos e alumnas levar os correspondentes xustificantes de ingreso na primeira sesión de cada curso.
  - \* Informarase a través da páxina web do festival [www.festiclown.org](http://www.festiclown.org) dos espazos onde se realizarán os cursos.
- \* Non está permitido grabar os cursos en audio nin en vídeo, exceptuando a medios de comunicación e membros da organización.

## **CRITERIOS DE SELECCIÓN**

A inscrición realizarase por estricta orde de ingreso bancario. No caso de xurdir conflitos entre varias inscricións, terán prioridade:

- Aquelas inscricións que soliciten ese curso como primeira opción
- Iguamente terán prioridade as persoas de Vigo
- Nos cursos que o soliciten, o/a mestre/a valorará a información curricular recibida